

Oración inspirada na Mensaxe de Francisco para a 8ª Xornada Mundial dos Pobres

Señor, escoita a oración dos pobres, que chega ata a túa presenza coa forza da fe e a esperanza.

Fainos capaces de vivir con humildade, recoñecendo que todos somos necesitados do teu amor.

Dános un corazón xeneroso, disposto a compartir o sufrimento dos que menos teñen e a ser instrumentos da túa xustiza e misericordia.

Que a nosa oración non quede en palabras, senón que se transforme en accións concretas de caridade, achegándonos aos pobres como irmáns e compartindo con eles o don da túa paz.

Fai que nunca esquezamos que nos rostros dos que sofren, vemos o rostro do teu Fillo Xesús, quen nos convida a amalos co mesmo amor que Ti nos das.

Por intercesión de María, Nai dos pobres e dos humildes, pedímosche que nos guíes neste camiño de oración, servizo e entrega. Amén.

"Reunirá a sus elegidos de los cuatro vientos"

Oración

Jesús querido, en Ti quiero confiar, como en el Evangelio nos vienes a enseñar. Aunque no siempre entiendo el dolor, sé que en todo estás Tú, mi Señor.

Si hay personas que pasan necesidad, mándales consuelo, paz y amistad. Ayuda a los que han perdido su hogar, que sientan Tu amor y puedan sanar.

Enséñame a ayudar, aunque sea pequeño, a compartir siempre y dar con empeño. Que en mis oraciones y mis acciones, pueda dar esperanza a los corazones.

Gracias, Jesús, por estar siempre aquí, sé que en Tu amor puedo vivir. Hazme generoso y lleno de paz, para ayudar a otros, como Tú nos das. Amén.



O ceo e a terra pasarán, as miñas palabras non pasarán

Ordinario 33^o-B-Xornada dos Pobres

DANIEL 12, 1-3: *Entón salvarase o teu pobo.*

Por aquel tempo levantárase Miguel, o gran príncipe que se ocupa dos fillos do teu pobo; serán tempos difíciles como non os houbo desde que houbo nacións ata o de agora. Entón salvarase o teu pobo: todos os que se atopan inscritos no libro. Moitos dos que dormen no po da terra espertarán: uns para vida eterna, outros para vergoña e ignominia perpetua. Os sabios brillarán como o fulgor do firmamento, e os que ensinaron a moitos a xustiza, como as estrelas, por toda a eternidade. *Palabra do Señor.*

SALMO 15 R/. Protéxeme, meu Deus, que me refuxio en ti.

HEBREOS 10, 11-14. 18: *Cunha soa ofrenda perfeccionou definitivamente os que van sendo santificados.*

Todo sacerdote exerce o seu ministerio diariamente ofrecendo moitas veces os mesmos sacrificios, porque de ningún modo poden borrar os pecados. Pero Cristo, despois de ofrecer polos pecados un único sacrificio, está sentado para sempre á dereita de Deus e espera o tempo que falta ata que os seus inimigos sexan postos como estrado dos seus pés. Cunha soa ofrenda perfeccionou definitivamente os que van sendo santificados. Agora ben, onde hai perdón, non hai xa ofrenda polos pecados. *Palabra do Señor.*

MARCOS 13, 24-32: *Reunirá os seus elixidos dos catro ventos.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: -«Naqueles días, despois da gran angustia, o sol escurecerase, a lúa non dará o seu resplandor, as estrelas caerán do ceo, os astros cambalearanse. Entón verán vir o Fillo do home sobre as nubes con gran poder e gloria; enviará os anxos e reunirá os seus elixidos dos catro ventos, desde o extremo da terra ata o extremo do ceo.»

Aprendede desta **parábola da figueira:** cando as ramas se poñen tenras e brotan as xemas, deducides que o verán está preto; pois cando vexades vós que isto sucede, **sabede que el está preto, á porta.** Asegúrovos que non pasará esta xeración sen que todo suceda. O ceo e a terra pasarán, pero as miñas palabras non pasarán. En canto ao día e a hora, ningún coñece, nin os anxos do ceo nin o Fillo, só o Pai».

Palabra del Señor.

(Narrador- Xesús)



O ceo e a terra pasarán, as miñas palabras, non pasarán

1. VER: Palabras que nos dan confianza

- En películas, novelas e videoxogos sobre o futuro preséntansenos case sempre un panorama desolador: unha guerra, unha epidemia, unha catástrofe natural, a contaminación aniquilando a maior parte da humanidade, que malvive en condicións precarias e no medio de perigos que ameazan a súa supervivencia. Pero non nos asustemos, nada diso sucederá se cambiamos o noso estilo de vida, se reciclamos, se somos responsables...

Por que?

2. XULGAR: A Palabras de Xesús non pasan

- Estamos a rematar o tempo ordinario e Xesús, neste penúltimo domingo, fálanos do futuro do mundo e do noso persoal. Cunha linguaxe apocalíptica (de guerra e destrución pero tamén de esperanza) fálanos de catástrofes pero tamén de confianza: **“O ceo e a terra pasarán, pero as miñas palabras non pasarán”.**

Mc. 13, 24-32, Fundación Ramón Pané: <https://youtu.be/Z7dcNCR3Gz0>

QUE NOS QUERE DICIR?

- Xesús é unha persoa “de Palabra” e dinos: TEN CONFIANZA en min porque as miñas palabras non pasarán, cumpriranse sempre. Xesús sempre ten un plan para nós, nunca nos deixa abandonados nas dificultades. Hoxe dinos que confiemos, que El sempre estará ao noso lado para que todo saia ben. E déixanos unha folla de roteiro para que vaiamos polo bo camiño: a súa Palabra, escrita na Biblia. Ela échenos de esperanza e consolo.

Abrir horizontes, Verbo divino 2018, reflexión: <https://youtu.be/SSXSuK0j6hY>

- **Celebramos a Xornada mundial dos pobres: “A oración do pobre sobe ata Deus” (Si. 21, 5).** Dúas cousas necesitamos: escoitar a oración dos pobres vendo as súas necesidades e tratando de darlles resposta. E ademais, apoiar a tantos voluntarios que se deciden a colaborar con eles.

Vídeo Xornada Mundial dos Pobres 2024: <https://youtu.be/-bPFuWqGD1M&t=1s>

Lemos a nosa vida á luz da Palabra? Que fago polos pobres?

3. ACTUAR: Confía, ora, comparte

-Valorade a Palabra de Deus, acode a ela buscando respostas aos teus problemas.
-Fai presente na eucaristía dominical os pobres, que eles lean as lecturas. E que un voluntario de Cáritas escriba e lea as peticións.
-Aproveitar esta Xornada para visitar a persoas soas, xa sexa nos hospitais, en casas para anciáns ou mesmo nos seus propios fogares.
-Escoitar o testemuño dun migrante/refuxiado da comunidade, a súa situación de sufrimento.

Que vas facer? E en grupo

Los incontables, Ain Karem, <https://youtu.be/7nOrzRyQRDY>